



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE APROBAN AS BASES E SE CONVOCA O CONCURSO DE CURTAS SENDA DOS FAROS

A Senda dos Faros é un itinerario de interese paisaxístico contemplado nos instrumentos de ordenación do territorio de Galicia para fomentar o descubrimento de todo o litoral, pór en valor os recursos territoriais e as paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ademais, a conexión con outras rutas alternativas que ofrezan un rico patrimonio cultural e etnográfico.

Consta de **53 etapas** que van desde Tapia de Casariego (Asturias) ata Vila Nova de Cerveira (Portugal), e que lle dá continuidade no tramo galego á Senda Europea E9. Á parte, hai tres etapas insulares (Ons, Cíes e Sálvora).

Para o seu desenvolvemento, asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), o Instituto de Estudos do Territorio e a Fundación Galicia Sustentable. A súa aspiración é xerar un modelo de xestión integrado que leve a unha maior identificación da cidadanía residente coa Senda dos Faros e, así, que poida contribuír a unha estratexia de sustentabilidade.

Por outra banda, a Fundación Energías de Portugal (EDP) ten por misión reforzar o compromiso do Grupo EDP nos ámbitos xeográficos en que desenvolve a súa actividade, con especial atención ás áreas educativa, cultural, social e ambiental dentro dunha perspectiva de desenvolvemento sustentable global.

No programa de actuacións e actividades deste convenio contéplase un proceso de participación da comunidade educativa, de modo que se propoñen distintas actividades para realizar cos centros de ensino do territorio polo que discorre a Senda dos Faros e outros de Galicia que amosen interese na iniciativa.

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable fundación





Entre todos os valores culturais e naturais que se atopan neste percorrido, a lingua destaca necesariamente como vehículo de relación e de expresión, como un valor patrimonial común a todos os territorios, un patrimonio que hai que coidar e valorizar.

Por este motivo, dentro do marco do citado convenio, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, como órgano da Consellería de Cultura e Turismo, e a Dirección Xeral de Educación, Formación e Innovación Educativa, como órgano da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, realizan a seguinte convocatoria.

Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

O obxecto desta disposición é convocar un premio para vídeos en galego de temática relacionada coa Senda dos Faros e establecer o procedemento para a súa concesión.

Os seus obxectivos son:

- Pór en valor, promover e fomentar o coñecemento do patrimonio, a paisaxe, a natureza, as lendas, a gastronomía, ou calquera outro activo do territorio polo que atravesa a Senda dos Faros.
- Dinamizar o uso da lingua galega entre o alumnado e entre a comunidade educativa.
- Promover unha imaxe positiva e actual da lingua galega por medio da vinculación coas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a presenza e o uso do galego en novos espazos e soportes.
- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.
- Estimular a participación e o traballo conxunto entre o alumnado.

Artigo 2. *Categorías de participación*

Establécese unha única categoría de participación, destinada a vídeos realizados con alumnado de educación secundaria (ESO, bacharelato, FP básica, ciclos formativos de grao medio) e ensinanzas especiais de grao medio.

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable fundación





Artigo 3. Características dos premios

Estableceranse os seguintes premios para os centros, en función da categoría anteriormente sinalada:

PREMIOS	DOTACIÓN
1.º PREMIO	Proxección da curta no festival de Cans (maio de 2020). Inclúe o transporte e a visita guiada pola aldea para 25 alumnos/as, co obxectivo de coñecer todo o relativo ó festival na xornada de proxección das curtas. Cheque-regalo de 600 € para material audiovisual ou literario en lingua galega. Charla-obradoiro cunha persoa profesional do mundo do cine (30 alumnos/as) Figura e diploma acreditativo con mención ao primeiro premio
2.º PREMIO	Proxección da curta no festival de Cans (maio de 2020). Inclúe o transporte e a visita guiada pola aldea para 25 alumnos/as, co obxectivo de coñecer todo o relativo ó festival na xornada de visionado das curtas. Charla-obradoiro cunha persoa profesional do mundo do cine (30 alumnos/as) Cheque-regalo de 400 € para material audiovisual ou literario en lingua galega. Figura e diploma acreditativo con mención ao segundo premio
3.º PREMIO	Proxección da curta no festival de Cans (maio de 2020). Inclúe o transporte e a visita guiada pola aldea para 25 alumnos/as, co obxectivo de coñecer todo o relativo ó festival na xornada de visionado das curtas. Charla-obradoiro cunha persoa profesional do mundo do cine (30 alumnos) Cheque-regalo de 200 € para material audiovisual ou literario en lingua galega. Figura e diploma acreditativo con mención ao terceiro premio
PREMIO DO PÚBLICO	Figura e diploma acreditativo
PREMIO Á MELLOR ACTRIZ	Figura e diploma acreditativo
PREMIO AO MELLOR ACTOR	Figura e diploma acreditativo

Os premios poderán quedar desertos, en caso de non presentaren a calidade suficiente para os outorgar.

A entrega dos galardóns realizarase nun acto público na Cidade da Cultura, nunha gala que se celebrará a finais do mes de maio de 2020. **Os gañadores daranse a coñecer nesta mesma gala**, onde se proxectarán as curtas finalistas e a curta premiada polo público.

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable fundación





Artigo 4. *Destinatarios*

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que impartan ensinanzas sostidas con fondos públicos: ensinanzas de educación secundaria (ESO, bacharelato, formación profesional básica, ciclos formativos de grao medio) e ensinanzas especiais de grao medio.

Cada centro poderá presentar un máximo de dous vídeos.

O alumnado participará en grupo, cun mínimo de dous integrantes.

En cada un dos traballos presentados debe haber unha persoa docente que exerza como responsable da xestión dos contidos, das imaxes e do son do vídeo que se presente.

A/O docente responsable dos vídeos galardoados co 1.º, 2.º e 3.º premio recibirá unha certificación de Premio de Innovación Educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado. En caso de ser responsable de máis dun vídeo, só poderá recibir unha certificación.

Artigo 5. *Solicitud de participación*

A solicitude de participación formalizaráa a directora ou o director do centro, segundo o modelo que figura como **anexo I** desta convocatoria. Deberáa enviar por correo electrónico ao seguinte enderezo: curtas@sendadosfaros.gal.

No asunto indícarase “Concurso Senda dos Faros” e o nome do centro.

Presentarase unha solicitude diferente para cada vídeo.

Artigo 6. *Prazo*

O prazo para **solicitar a participación** comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria nos *webs* da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal) e no Portal Educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e rematará o **30 de xaneiro de 2020**.

A data límite de envío dos vídeos será o **30 de marzo de 2020**.

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable fundación





Artigo 7. *Forma de presentación dos vídeos*

Os vídeos enviaranse a través de **Velaquí** ou **We Transfer** a curtas@sendadosfaros.gal.

Incluirase no envío un documento cos seguintes datos (**anexos I e II**):

- Título do vídeo.
- Centro educativo que o presenta: nome, código, enderezo, teléfono, enderezo electrónico.
- Certificación da dirección do centro que inclúa a listaxe do alumnado e do profesorado participante.

Artigo 8. *Características dos vídeos*

Os vídeos deben estar realizados integramente en lingua galega e a súa temática estará relacionada coa Senda dos Faros, entendida como unha viaxe multidimensional polas múltiples facetas do **territorio litoral de Galicia**. É unha inmersión na súa gastronomía, na súa cultura e nos seus espazos naturais; é un lugar de encontro coa súa xente, baixo o filtro da elevada diversidade e heteroxeneidade das paisaxes que vai atravesando (amplíase a información sobre a Senda dos Faros no **anexo III**).

A modalidade dos traballos é libre (curtametraxes, dramatizacións, videoclips etc.) e admitiranse distintas técnicas de elaboración (animación, *stop motion*, cámara rápida...). Realizaranse coa participación activa do alumnado en todas as fases de elaboración.

Poderán ser creados con calquera dispositivo electrónico de boa calidade (teléfono móbil, cámara de vídeo, cámara fotográfica, tableta...). Realizaranse en horizontal, en cor ou en branco e negro, e terán unha duración máxima de **5 minutos** (incluídos os títulos de crédito).

Presentaranse en formato dixital, preferiblemente en formato mp4, con resolución para *web* (mínimo 1.280 x 720 píxeles). Se isto non for posible, tamén se admitirán en mpg, mov, avi, wmv e epub3.

Incluirán un espazo de créditos no que indicarán o nome do centro e o do concurso e

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable fundación





engadirán nun lugar visible os logos da Xunta de Galicia, Galicia “o bo camiño”, Xacobeo 2021, Senda dos Faros, Fundación Galicia Sustentable e Fundación EDP. Estes logos, xunto coas indicacións para o seu uso, serán enviados aos centros que se inscriban, unha vez rematado o prazo para solicitar a participación.

A banda sonora, a música, os efectos sonoros e as imaxes que se empreguen deberán ser orixinais, estar libres de dereitos ou ter licenza de uso para o fin educativo que se persegue.

As obras elaboraranse e difundiranse baixo a licenza «Creative Commons», que combine as propiedades «recoñecemento», «non comercial» e «compartir igual».

O centro deberá contar coa autorización da nai, o pai ou representante legal do alumnado menor de idade participante para usar a súa imaxe no vídeo e nas accións de difusión derivadas en *webs*, redes sociais etc., sempre con fins educativos.

Artigo 9. *Procedemento de selección*

Para a selección dos vídeos gañadores constituirase un xurado que estará integrado polos seguintes membros:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou a persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
- Unha persoa asesora técnica da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Unha persoa asesora técnica da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.
- Unha persoa especialista do sector audiovisual.
- Unha persoa en representación do Festival de Cans.
- Dúas persoas en representación das seguintes entidades: Axencia de Turismo de Galicia, Instituto de Estudos do Territorio, Agader, Fundación Galicia Sustentable e Fundación EDP.

Previamente, unha **comisión** formada por membros da Fundación Galicia Sustentable preseleccionará as curtas que cumpren cos criterios establecidos. Estas serán as que pasen á fase de concurso.

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDIOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable fundación





Na fase de concurso, o xurado elixirá as tres curtas premiadas, así como os premios á mellor actriz e ao mellor actor.

O **premio do público** outorgarase por votación popular, entre os vídeos que pasen á fase de concurso, a través dunha plataforma habilitada para tal efecto e que estará operativa desde o **1 ata o 30 de abril de 2020**.

Os vídeos valoraranse atendendo aos seguintes criterios:

- Calidade lingüística oral e escrita.
- Orixinalidade, creatividade e innovación.
- Calidade técnica, estética e artística.
- Capacidade da obra de dar a coñecer a Senda dos Faros.
- Potenciación dos valores democráticos (integración, inclusión social, amizade, non-violencia, igualdade de xénero, solidariedade...).

O xurado poderá desbotar aquelas producións cuxo contido non se axuste ás bases ou que promovan unha mensaxe ofensiva, violenta ou discriminatoria.

Artigo 10. *Difusión das experiencias e dos materiais elaborados*

A presentación a este certame implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen.

As entidades integrantes do Convenio de colaboración (Axencia de Turismo de Galicia, Agader, o Instituto de Estudos do Territorio e Fundación Galicia Sustentable) así como as entidades involucradas neste certame (Fundación EDP, Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo e Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional) poderán difundir os vídeos participantes e gañadores nos *webs* ou plataformas dixitais de comunicación que consideren oportuno.

En todas as accións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas con esta convocatoria ou cos vídeos elaborados, farase constar nun lugar destacado que a iniciativa deriva do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, Agader, o Instituto de Estudos do Territorio (IET) e a Fundación Galicia Sustentable para o desenvolvemento da Senda dos Faros e utilizaranse, cando proceda, os

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable

fundación





logotipos correspondentes.

Artigo 11. *Protección de datos*

No desenvolvemento desta convocatoria respectarase cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06.12.2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercer outros dereitos nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Solicitud de información*

Os centros inscritos poderán obter máis información sobre a Senda dos Faros no web do proxecto (www.sendadosfaros.gal) ou mediante unha solicitude na través do seguinte enderezo electrónico: curtas@sendadosfaros.gal.

Artigo 13. *Aceptación das bases*

A participación neste concurso implica a aceptación total das súas bases.

A organización reserva para si o dereito a interpretar as bases deste certame sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Valentín García Gómez

Manuel Corredoira López

Colaboran



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



galicia
sustentable fundación

